

LA ISLA

Avenida do Mar, 40
15620 Mugar dos (A Coruña)
Teléfono: 981 47 10 28



INFORMACIÓN XERAL

O establecemento conta cunha primeira zona de cafetaría cunhas mesas altas nun lateral. Un primeiro salón comedor con espazo para 8 mesas e outro máis espazoso para 12 mesas aos que se accede mediante unha rampla. Conta tamén con dous aseos, un deles adaptado, que se corresponde co aseo de señoras.

Atención ao público e outra información de interese

- Ofrecen menú para celíacos, con previo aviso.
- Ofrecen menú para diabéticos, con previo aviso.
- Ofrecen menú para vexetarianos, con previo aviso.
- Non dispoñen de carta en braille.
- O persoal de atención ao público non coñece a Lingua de Signos Española (LSE).
- Permítese o acceso ao can de asistencia.
- Non existe un plan de emerxencia que contemple a evacuación das persoas con discapacidade.

Acceso e zona de atención ao público

- Dende o aparcadoiro accédese á beirarrúa por unha rampla practicable de **1,66 m** de ancho, **4,5 m** de longo e unha inclinación do **17,6%**. A beirarrúa pola que se accede ao establecemento está rebaixada e ten un ancho libre de paso de **2,80 m**.
- A entrada principal do establecemento ten unha rampla.
- A rampla é practicable, ten **82 cm** de lonxitude e unha inclinación do **13,7%**. O seu ancho libre de paso é de **1,33 m**. O inicio e final da rampla non está sinalizado cunha franxa de textura distinta e cor contrastada que alerta do desnivel.
- Esta ten unha porta de dobre folla, retranqueada. É parcialmente de vidro e abre cara a fóra. O seu ancho libre de paso en total é de **1,30 m**.
- Despois da porta hai un felpudo fixo ao chan.
- O itinerario ata a zona de atención ao público é accesible sen desniveis.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Bar

Situación e itinerario

O bar está situado na planta baixa e o itinerario é accesible.

Características

Desniveis: **non existen**

Ancho mín. do espazo de circulación: **1 m**

Tipo de chan: homoxéneo e antiescorregadizo	Chan enmoquetado: non
Barra de dobre altura: non	Altura da barra non adaptada: 1,10 m
Barra con bancos: si, móviles	Altura máx. e mín. dos bancos da barra: 70 cm
Comentarios: a cafetaría dispón de catro mesas de 90 cm de altura libre, 1,7 m de ancho e 60 cm de fondo. Os bancos das mesas miden 70 cm de alto, son similares ás da barra.	

Salón comedor

Situación e itinerario

Existen dúas zonas distintas de comedor. A primeira con espazo para 8 mesas e a segunda con espazo para **12** mesas.

O primeiro salón comedor está situado na planta baixa e o itinerario é accesible por medio dunha rampla.

A rampla é practicable, ten dous tramos de **93 cm** e **1 m** de lonxitude, cunhas inclinacións respectivas do **13,7%** e **10%**. O seu ancho libre de paso é de entre **1,20 m** e **1,05 m**. O primeiro tramo dispón dun pasamáns no lateral dereito a **91 cm** de altura e conta con zócolo de protección a ambos os dous lados. O pavimento é antiescorregadizo e a área de embarque e desembarque conta cun diámetro superior a **1,50 m**.

O segundo salón está situado na planta baixa e o itinerario é accesible por medio dunha rampla.

A rampla conta con **4** tramos de **93 cm**, **1 m**, **3,60 m** e **1,60 m** de lonxitude, cunhas inclinacións de **13,7%**, **6,9%** e **3,5%**. O seu ancho libre de paso é de **1,20 m**, **1,05 m**, **82 cm** e **1,50 m** respectivamente. O primeiro e terceiro tramo contan cun pasamáns no lateral dereito a **91 cm** de altura e con zócolo de protección a ambos os dous lados. A área de embarque e desembarque conta con diámetro superior a **1,50 m** e o chan é antiescorregadizo.

Ambos os dous salóns contan co mesmo mobiliario, diferenciándose unicamente no espazo.

Existen dúas zonas distintas de comedor. A primeira con espazo para **8** mesas e a segunda con espazo para **12** mesas.

Características

Desniveis: non existen	Ancho mín. do espazo de circulación: 1,20 m
Tipo de chan: homoxéneo e antiescorregadizo	Chan enmoquetado: non
Tipo de mesas: móviles, rectangulares, con pata central	Tipo de aproximación á mesa coa cadeira de rodas: lateral
Altura da mesa: 75 cm	Altura, fondo e ancho do espazo de aproximación frontal: 70 cm, 32 cm, 80 cm

Aseo adaptado

- No establecemento hai unha cabina de aseo para usuarios de cadeira de rodas situada na planta baixa. Está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (**SIA**) e accédese por un itinerario accesible a través da mesma rampla que dá acceso ao segundo comedor.
- A cabina de aseo adaptado correspóndese co aseo de mulleres.

Aseo adaptado da planta baixa, integrado no aseo de señoras.

Cabina de aseo adaptado

Nº de cabinas adaptadas: 1	Está sinalizada con o SIA: si
-----------------------------------	--------------------------------------

Porta: abre cara dentro cun ancho de 80 cm	Diámetro libre de xiro en interior: Ø1,2 m
Tipo de pomo: manubrio	Ferrollo se abre dende o exterior: non
Tipo de iluminación: con temporizador	No interior hai un sistema de solicitude de axuda: non
Lavabo	
Situación: dentro	Tipo de billa: monomando
Altura libre baixo o lavabo: 77 cm	Fondo libre baixo o lavabo: 52 cm
Altura do borde inferior do espello: 1,04 m, non inclinado	Altura dos accesorios: 90 cm – 1,40 m
Inodoro	
Espazo de acceso ao inodoro: esquerdo 67 cm, frontal 1,70 m	Altura do asento: 40 cm
Tipo e altura de mecanismo de descarga: presión en cisterna a 77 cm	En lado dereito, tipo de barra e altura: fixa e oblicua a 67- 98 cm
En lado esquerdo, tipo de barra e altura: abatible a 59 – 75 cm	Separación entre barras: 73 cm

ACCESIBILIDADE VISUAL

Bar

Situación e itinerarios

- O bar está situado na planta baixa a continuación da porta de entrada. O itinerario dende a entrada ata a barra é accesible con rampla.
- O inicio e final da rampla non está sinalizado cunha franxa de textura distinta e cor contrastada que alerta do desnivel e o seu pavimento é antiescorregadizo.

Características

Portas de cor contrastada: si	Portas de vidro con marcas de cor contrastada: non hai
Desniveis: non existen	Tipo de chan: homoxéneo e antiescorregadizo
Chan enmoquetado: non	Elementos beirís: non hai
Tipo de iluminación: homoxénea	Barra do bar con iluminación dirixida: si

Salón Comedor

Situación e itinerarios

- O salón comedor está situado na planta baixa a continuación da cafetería. O itinerario dende a cafetería ata o salón é accesible con rampla.
- A rampla ten un pasamáns no lado dereito non prolongado nos extremos. O inicio e final da rampla non está sinalizado cunha franxa de textura distinta e cor contrastada que alerta do desnivel e o seu pavimento é antiescorregadizo.

Características

Portas de cor contrastada: si	Portas de vidro con marcas de cor contrastado: non hai
Desniveis: non existen	Tipo de chan: homoxéneo e antiescorregadizo
Chan enmoquetado: non	Elementos beirís: non hai

Tipo de iluminación: homoxénea	Mesas con iluminación dirixida: non
---------------------------------------	--

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Información e orientación

Rótulos de sinalización informativos e direccionais: si hai	Rótulos doadamente identificables coa vista: si
Sinais de evacuación: non	

Salón comedor

Mesas redondas dispoñibles: non	Información escrita do menú do día: só ha carta.
--	---

Aseos

Sistema de peche de portas cun sinal visual de ocupado ou libre: non	Portas de cabina cunha banda libre inferior que permite visualizar si hai alguén dentro: non
---	---

Outras estanzas e servizos	Situación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior , a 150 m do restaurante	Accesible	Tipo de pavimento: cemento e lousas de pedra / non homoxéneo / antiescorregadizo Número de prazas de estacionamento reservadas para PMR: non hai
Sinalización	Xeral do establecemento		Rótulos de mesmo formato: Si Altura dos rótulos: 1,70 m, só pictogramas Textos e iconas de cor contrastada: Si Textos e iconas sen braille nin altorrelevo. Iconas homologadas: Si